


171



# A NOSA TERRA

Idearium das "Irmandades da Fala"

ANO MCMXXII



PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pesetas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adelantados

Redacción e Administración: Praza Maria Pita. 17. baixos. A CRUÑA

# CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

# FERRER



## CLICHÉS

PARA PERIÓDICOS,  
REVISTAS ILUSTRADAS,  
PROPAGANDA INDUSTRIAL,  
RECLAMO DE ARTISTAS, &c.

REAL 61, CORUÑA

# NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12  
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encargos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encargos.

## Os viños e coñas millores

os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de Xerez da Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouh máis selecto

de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

## Para viños de mesa

non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

## R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exersivo (matriculado) de todas estas marcas:

# JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

# Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (incruída prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO. — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual . . . . .	2	por 100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas., . . . . .	3	" "
En prazo fixo de tres meses . . . . .	3	" "
Idem id. 6 meses . . . . .	3 1/2	" "
Idem id. un ano . . . . .	4	" "
A máis prazo . . . . .		convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.




# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VI — NÚMERO 171 — 30 SEPTIEMBRE 1922

## OS SEÑORITOS



—En Galicia habla castellano un cuarenta por cien de la población.  
—¿Dijo usted un cuarenta por cien? Ya lo creo y también un cuarenta por mil...

## A ineficacia do Estado hespañol

Se hai algunha cousa ben probada, se hai algunha cousa que estea na conciencia de todol-os hespañoles, é ésta: a ineficacia do Estado, a súa ausoluta incapacidade para resolver ningunha das custións nacionás. Agora ben: a ineficacia do Estado hespañol é a desautorización do imperialismo castelán. Un poder abusivo non pode ter outra xustificación—para quen elo sexa unha xustificación—que a súa eficacia práctica.

Mais o Estado hespañol non ten esa eficacia práctica. Nas súas máns, a vida nacional—a vida de total-as nacionalidades ibéricas e mais a vida da Hespaña como conxunto—esmorece e desfai-se. O Estado hespañol é o imperialismo castelán, e o imperialismo castelán é unha violación dos sentimentos nacionás, unha mistificación da realidade, que se impuxo á forza pol-o poder ausoluto dos Reises, principalmente “d’unha dinastía extranxeira”, asoballando unha a unha ás nacionalidades ibéricas que se foran

revoltando: Galicia baixo os Reises Católicos; Castela, baixo Carlos V; Aragón, baixo Felipe II; Cataluña e aínda Andalucía baixo Felipe IV.

O Estado imperialista que herdamos o antigo réxime é unha creación das doutrinas do Dereito Romano, sacado de antre o refugallo dos séculos pol-os xuristas de Bolonia, devanceiros da noxenta praga abogadesca que xá somentes en Hespaña padécese con pacencia. Eles fixeron do Dereito unha redución da vida a fórmulas metafísicas para afogar a liberdade e a vitalidade dos grupos naturais.

Hespaña non ten goberno porque aquí creese que gobernar era mandar, que un pobo está gobernado cando todos obedecen e non cando están ben.

O nacionalismo na Hespaña é como dixemos, a aplicación da teoría das nacionalidades á organización interior do Estado; practicamente: a tendencia a substituir a ineficacia do Estado centralista á eficacia das nacionalidades autónomas.

VICENTE RISCO.

## Dende Catalunya

Mortos todos aqueles valores políticos enxendrados na Península Ibérica ao calor d'un réxime artificioso, réstantos solo probar aquel amor á Terra, que sempre sal a relucir nas nosas cancións populares, como un produto incólume, saído do fondo d'os nosos peitos, como virxinal sentimento, como aforro inagotable d'os nosos corazóns.

Pra facel-o efectivo non queda mais remedio que, remedando a Catalunya e Valencia, acabar co caciquismo, mediante a reunión en asamblea d'os amantes de Galicia, que seguramente seremos todos os galegos (agás os caciques) e acordar pedir a formación da Mancomunidade Galega, pra que salve os intereses rexionais da bancarrota xeneral a que nos levan arrastrados eses políticos sin conciencia que se titulan gobernantes hespañoles.

O momento non pode ser mais crítico; o derrumbamento acércase a pasos de xigante, e si non sabe defender cada rexión os seus intereses, a liquidación non se fará agardar moito tempo.

Desfeitos e fracasados todos os partidos tanto de dereita como de esquerda de carácter nacional, solo quedan en pé os núcleos rexionais, como deçindo ao mundo e aos homes, xá o vedes, o único que non pode derrumbarse, é o que tén o seu orixe na natureza étnica dos pobos, esto é solamente isto, pode desafiar as equivocacións históricas d'os homes, poñeno de manifesto a suas naturais enerxias no instante mesmo en que aquelas artificiosas organizacións se derrumban por vellás e caducas.

GALAICO.

Villanueva y Geltrú.

## POUTAZOS

En Asturias comencan a se percibir chispazos de franco nacionalismo.

¡Co'as ganas que eu tiña de que D. Pelayo deixase de ser un Cid cursi e andariego e se acochase na sua casona! Agora comenzo a me poñer ledó.

\*\*\*

Un imperialismo é o monstro maior dos séculos, porque é arrebatar d'unha chantada a alma dos pobos. Un monarca imperialista é un Herodes inmenso que vé en total-as nacións unha infancia digna de ser degollada.

Pero todol-os Constantinos atopan co'a Constantinopla dos seus zapatos e entón, ¡a hecatombe!

\*\*\*

Para que Abd-el-Krim nos vencese só precisou unha cousa:

Que cinco mil homes famentos e desfarrapados foran prolongación romántica d'unha terra viva. Nacionalistas. Nada mais que nacionalistas.

\*\*\*

Volve a estar no tapete o ferrocarril de Ourense a Zamora.

¡Como lles remorderá a conciencia aos exministros galegos. ¡Hai un tunel ahí de trazado difícilísimo e ese tunel é a Compañía do Norte da que eles son conselleiros!

\*\*\*

Esa victoria turca é outro triunfo dos nacionalistas. Porque a terra non debe ser somentes do que a traballa, senón do que nasce n'ela!

\*\*\*

¡Este imperialismo que ainda latexa na pobre Hespaña de hoxe é unha enfermidade de tristes señorós vidos a menos!

BASILIO ALVAREZ.

## Homenaxe a tres artistas galegos

Na Cruña, a Francisco Llorens; en Villagarcía, a Antón Palacios, e en Santiago, a Xuán Luis acábanse de rendir a estos grandes artistas galegos outros tantos entusiastas e ben merecidos homenaxes.

A Xuán Luis e a Llorens pol-o trunfo conquistado na Exposición Nacional celebrada en Madrid, e a Palacios con motivo de regalar á cidade de Arousa o proieto de ensanche e urbanización d'aquel pobo.

Aos tres asistiron representantes de moitos pobos de Galicia e n'eles falouse de arte e de galeguismo.

Xá todol-os xornás deron detalles dos tres actos e non imos nós a reseñalos. Queremos somentes facer algunhas consideracións que xuzgamos axeitadas.

Estos homenaxes échenos de ledicia pois son mostras do rexurdimento galego que estase verificando nos momentos actuais. Recentes están aínda os feitos a Asorey, en Cambados, e a Sotomayor, en Ferrol.

Asorey co'a sua arte enxebremente galega está trunfando grandemente non somentes en Galicia senón tamén onde de ademira algunha obra saída do seu xenio artístico profundamente galego. Hoxe pódese asegurar que é o millor escultor galego e un dos millores da Hespaña.

Palacios, vivindo en Madrid, trunfa pol-o seu propio valer. Na capital da Hespaña pódense admirar construcións debidas a él. A Casa de Correos produce admiración en cantos a ven. Preocúpase agora da construción das grandes vilas galegas. Ahí están os proietos de Vigo, Villagarcía, o Concello municipal de Porriño, pobo onde nasceu, e a promesa feita á comisión do Concello cruñés de que virá aquí para facer o proieto de construción da gran capital galega. Fai todo esto acuciado pol-o seu gran galeguismo que a sua estada en Madrid non conquistou macular. Palacios é un enxebre e por esta labor que agora realiza merece os mais grandes e entusiastas loubanzas.

Sotomayor chegou pol-o seu propio esforzo e pol-a sua persoalidade a ocupar a dirección do Museo do Prado. As suas obras de reconecido sabor galego son sempre xustamente admiradas.

Xuán Luis, tan novo e tan artista, trunfa notabremente o mesmo que Llorens co'as obras d'eles que levan o marchamo galego e que din millor que o poidéramos nós facer, canto eles valen.

Vede aquí cinco artistas galegos que facendo casi todos obra profundamente galega trunfan en todas partes. De ahí ven a nosa satisfacción. Falla facia que nos déramos conta de canto de valor temos n'este aspecto. Con estos homenaxes que agora fixéronse conquistouse que os homenaxeados decatense de que xá contan co agarimo e admiración do pobo onde nasceron e tamén o poder amosar á admiración de todos e para que o sepan as grandes figuras que temos na arte. Por eso nós coidamos que é moi comenente seguir facendo actos como éstos, pois aínda quedan mais artistas ben merecentes d'eles.

E perciso agarimar, agasallar a todol-os artistas galegos para ver de conquistar que todos eles volten os ollos á Terra e fagan obra galega que a experiencia demostrou que é d'abondo para crear unha persoalidade mais sólida e mais real que facendo obra allea.

Estamos vivindo os momentos da nosa reconstrución. Dende fai moi pouco tempo a vida galega trocouse en todol-os aspectos e camiña en todos eles a unha maior expansión, desenrolándose progresivamente. Este movemento, este rexurdir, traerá a creación d'a persoalidade, da verdadeira conciencia da nosa Patria. O aspecto artístico é un dos que mais nos interesa desenrolar.

Fágase, pois, todo canto se poida n'este senso, na seguridade de que con elo faremos un gran servizo á Terra-Nai.



## Camilo Díaz Baliño

O gabado pintor escenógrafo cruñés e querido irmán noso, saíu fai días para Madrid seguindo logo viaxe a Berlín a onde vai a se encargar da dirección das oficinas de propaganda que na capital da Alemaña ten a empresa Fraga de Santiago. Días antes de saír de Compostela, un fato de amigos e admiradores quixeron ousequialo con un xantar íntimo que se celebrou no Hotel "La Perla". A pesar do carácter de intimidade que se quixo dar ao aito, resultou éste un verdadeiro homenaxe xá que a él concorriron mais de cen comensás, moitos de fora de Santiago que así quixeron despedir ao gran pintor e apraudidísimo escenógrafo.

Foi unha festa moi bonita e interesante na que se falou de arte e de galeguismo. A ela aderiuse a "Irmandade" da Cruña.

Nós, ao dar a aperta de despedida ao querido Camilo, facemos votos porque lle sexa moi grata a estada en Berlín e conquira moitos éxitos, cultivando a arte na que é maestro, n'aquelas lonxanas terras. Camilo, que é un enxebre, leva a súa no corazón e aló seguirá facendo obras galegas saídas do seu formidabile talento artístico e da súa alma profundamente galega.

DE MAL EN PEOR

## O Goberno e o Nazonalismo

Do mesmo xeito que outrora co'as que hoxe chaman "Fillas de España", coas Repúblicas hispano-americanas; cos mesmos procedimentos que mais tarde empregáronse en Cuba, queren agora os Gobernos centralistas, de tan funestas consecuencias sempre para o cada día mais decadente Estado hespañol, combatir e afogar as arelas redentoras das diversas nazonalidades ibéricas, que cobizan salvárense do desastre que ameaza para tempos vindoiros, próximos, co derrubamento, coa destrución da España actual tan artificial, tan falsamente constituída.

Nós entendemos que se uns homes fixeron a unión de todol-os antigos reinos, condados, etc., constituindo así o daquela gran imperio hespañol, porque aínda se puido aproveitar a vitalidade; a cultura e poderío na época de cada *rexión*, en vista dos fracasos, do empobrecimento, da decadencia crescente d'este conglomerado en que non existe nin verdadeira e fraternal unión entre os componentes, nin boa dirección nos que o rixen, outros homes poden desfacer aquela unión fracasada pra lle dar distinta forma, novo xeito mais en armonía cos tempos actuaes, coas comenencias de cada *nazón*.

Mais os gobernantes, que sin méritos para o seren, dispoñen as cousas con arreglo ás *necesidades da súa política*, que é sempre o medo persoal ou todo o mais da familia, entenden que eso de se espór a perder o mando onipotente de que gozan, e o *haber* de que disfroutan, non lles convén en maneira algunha, e por eso en vez de estudar os problemas do país; en lugar de prestar atención ás arelas; ás reclamacións de cada *rexión*, xusgan mellor afogar os seus

berros, caluniar e perseguir a os que predicán a redención, ou, se é necesario, ata presentalos como traidores á Patria e ordenar o seu fusilamento.

Así desaparecieron as colonias, así xurdirá mais potente o nazonalismo, e o que pol-as boas sería a redentora organización e engrandecimento do futuro Estado Ibérico, no que figuraría tamén Portugal, ¡quen sabe cómo romatará se pol-as malas se combate!

Galicia foi sempre a peor atendida de total-as rexións hispánicas, e así cando a invasión francesa, despois de emprestar os seus homes e o seu diñeiro para axudar as rexións irmás á se defender, viu-se logo soia, e tívose que valer dos propios e reducidos medios para se librar do invasor. Ben é verdá que á pesar d'eso conseguíuno en seis meses, mentras o resto de Hespaña, por moitos mais, aínda tivo que seguir loitando...

E para Galicia non hai réxime aduaneiro de favor, nin vías de comunicación, nin escolas.

E se os galegos protestamos búlranse. E cando, como agora, enviamos un telegrama á Liga das Nazons reclamando o noso dereito á que se reconozca a persoalidade de Galicia como *nazón* perfectamente, craramente definida, o Goberno intercepta ese telegrama impedindo que chegue ao seu destino.

Nós protestamos rexamente contra eses procedimentos, e berraremos sempre "que Galicia tén dereito á vida, e pol-o tanto a se rexir por si mesma con arreglo ás súas necesidades e comenencias".

E loitaremos a eito ata o lograr.

LEANDRO CARRÉ.

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

## O probrema nacionalista

No derradeiro número falábamos d'un telegrama que a "Irmandade da Fala", da Cruña, enviou á Liga as Nacións. Ese telegrama foi interceitado pol-o Goberno da Hespaña.

A "Irmandade" da Cruña fixo constar a súa mais enérxica protesta enviando unhas cartas circulares a varios xornás de Galicia, Catalunya, Valencia, Baskonia e Madrid, que foron publicadas.

Nós, ao mesmo tempo que protestamos tamén contra semellante atropello, queremos facer presente aos autores do mesmo que non nos poñen medo esas arroutadas d'un imperialismo de percalina, derradeiras boqueadas, de algo podre que se desfai, a que por outro camiño mais práctico e de resultados mais positivos, a Liga das Nacións está enterada do probrema vivente das nacionalidades ibéricas.

O de Galicia será pranteado cando se xuzgue comenente e a nosa Terra será libre pese a quen pese.

Non somentes con telegramas arrégase a custión.

Lea vostede o próximo número de  
A NOSA TERRA

## Leonardo Rodríguez

Sorprendeunos moito a súa repentina morte. Leonardo Rodríguez era no campo da política galega afeitos aos Bugallales, Riestras, Gassets e demais usurpadores da nosa concencia colectiva unha futura e lumiosa esperanza.

Dende que en Villalba chamara aos nacionalistas "cipayos e senegaleses" fora evolucionando moito sempre en senso galeguista. Educado en Cataluña e con Cambó de mestre fórase decatando perfectamente do troque que se está verificando en todol-os ordes na vida galega.

Levaba realizado algunhas campañas pol-o campo galego facendo manifestacións de galeguismo que nunca oviramos a ningún político galego e aínda que non sendo tan radicás que chegaran a se igualar co noso pensamento nos víamos con agrado o troque que na súa ideoloxía viñase experimentando. El foi o principal iniciador de "As Roladas", esa follíña para os nenos galegos que en Madrid dirixe o gran Cabanillas e viña axudando co seu óbolo a moitas publicacións galegas, entre elas á revista "Nós", da que era un dos seus socios de número.

Morre moi novo aínda e despois de ocupar moi outros postos na política hespañola, onde chegou a ser ministro de Abastecimentos.

A política galega perde con Leonardo Rodríguez unha das súas, e pol-o de agora aínda poucas, honradas figuras e nós que ollábamos con atención a labor que viña realizando incrinándose cada vez máis ao verdadeiro pensamento galego no aspecto político, lamentamos profundamente a súa morte.

Descanse en paz e reciban os seus familiares a expresión do noso sentido pésame.

## Joao Peralta

Leemos nos xornás do Porto que finou fai días este rapaz e pintor exquisito. Peralta viñera á Cruña cando a excursión do "Orfeón Portugués" e na compañía do gran Leonardo Coimbra. No Circo de Artesanos expuso con Octavio Sergio unha gran colección das súas obras que nos revelaron o seu gran talento artístico e a súa alma doce e saudosa. Falamos con él e poidemos apreciar a bondade do seu corazón e entabramos con él unha sincera e nobre amizade que agora ven a cortar a traidora e negra morte.

Peralta baixa á cova no millor da vida e cando a sorte e a fama comenzábanlle a sorrir.

Moito sentimos a morte do querido e admirado artista. Sirvan estas liñas de expresión do íntimo pesar que esta desgracia nos ten causado.

### TEATRO GALEGO

## Escola dramática galega

O notabilísimo e sempre apraudido cadro de decramación da "Irmandade da Fala" da Cruña, que dende fai catro anos ven traballando intensamente pol-o rexurdimento do teatro galego, vai reanudar n'este inverno a súa autua-

ción no mesmo senso. Reorganizado con novos e moi valiosos elementos denominarase dende agora "Escola dramática galega", patrocinada pol-a "Irmandade da Fala", dando así máis amplitude ao patriótico fin para que foi creada.

N'esta "Escola" terán acollida cantos queiran contribuir ao maior desenrolo do noso teatro, unha das máis importantes manifestacións do rexurdimento da nosa persoalidade que agora estase verificando.

Ten n ensaio xá, varias obras, dúas d'elas non estrenadas aínda. As veladas na "Irmandade" comenzarán a mediados d'este mes co'a representación da comedia dramática de Galo Salinas "Filla" e do sainete de Leandro Carré "O corazón d'un pedáneo". Ademais das veladas no local da "Irmandade", que serán feitas con toda propiedade, presentando as obras como unha verdadeira compañía de actores estase en tratos para dar varias representacións no teatro Rosalía e faceranse excursións por varios pobos da provincia. No repertorio figuran as millores obras galegas xá conosciadas e varias novas que estrenará a "Escola" e que gustarán moito. Ademais algúns autores prometeron escribir outras expresamente.

As lindas rapaciñas e os rapaces que forman a "Escola" están animados do máis grande entusiasmo e poñerán todo o seu amor e intrés para levar cumpridamente a bon remate tan necesaria e precisa labor. Confiemos en que así sexa e ogallá salla d'este nobre intento a verdadeira compañía dramática galega que tanta falla está facendo. A "Escola dramática galega" debe contar co apoio dos autores, dos aficionados e de cantos vexan con bós ollos estas manifestacións da nosa cultura.

## Festa da poesía galega en Pontevedra

O semanario pontevedrés "La Provincia" organizou un certame da poesía galega. Compuxeron o xurado calificador os señores Barcia Caballero, Cotarelo e Cabeza de León.

Os premios foron adxudicados d'este xeito:

Primeiro tema.—Canto a Galicia. Premio ao traballo que tiña por lema "Manseliñamente". Autor, D. Francisco Bouza Brey, de Villagarcía.

Mencións honoríficas aos traballos cuíos lemas eran: "Morriña" e "Pan, Xusticia e Libertade", autores D. Xerardo Alvarez Limeses, de Pontevedra, e D. M. Lafuente, de Mondoñedo.

Segundo tema.—Premio ao madrigal cuíu tema era "O millor niño". Autor, D. Xerardo Alvarez Limeses.

Carto tema.—Premio á millor colección de cantares. Levou o premio o noso irmán e gabado poeta Victoriano Taibo, de Santiago. Mencións, a D. Ricardo Barros, de Pontevedra, e D. Adolfo Mosquera, de Caldas.

Quinto tema.—Premio a o millor conto galego en verso. Premio, a D. Antonio Carballeda, de Villafranca do Bierzo.

Os temas terceiro, sexto e sétimo foron declarados desertos pol-o xurado.

A nosa embora aos orgaizadores e aos poetas e literatos premiados.



## "La Zarpa" e Bugallal

O querido colega de Ourense e defensor dos agrarios galegos veu facendo unha nobre e xusta campaña contra o antipopular homenaxe que en Ourense renderon os servos de Bugallal ao seu amo o noxento cacique máximo galego. Ao gobernador d'aquela provincia lle non pareceu ben aquela campaña e querendo pol-a sua conta rendir outro homenaxe ao "ilustre" presidente do Congreso hespañol multou ao valente diario ourensán e recolleu as tiradas de varios días.

Este atropello brutal e caprichoso levantou protestas en todas partes e moitos xornás de Galicia e da Hespaña condenaron o feito. O homenaxe celebrouse pero do xeito mais ridículo que se pode maxinar. Bugallal entrou na cidade das Burgas entre varias parellas da Guardia civil, así debíase pasear por toda Galicia, e a un banquete que lle deron non asistiron mais que duas dúcias de asalariados seus. ¡Que grandioso homenaxe a un señor que foi ministro da Gobernación na nación veciña! O amparador dos autores dos sucesos de Osera, autor da "humanitaria e europea ley de fugas" coidou que onde él mandaba de nantes, todo seguía o mesmo. ¡Qué chasco! ¡Pobre don Gabino!

"La Zarpa" recibiu moitísimas felicitacións pol-a súa rexa e valente campaña ás que engadimos a nosa moi entusiasta e sincera. Ao fin as campañas de rexurdimento

galego que vimos efectuando os nacionalistas e moitos xornás galegos dos que "La Zarpa" vai á cabeza, atopan xá a enemiga dos políticos centralistas. Esto échenos de leducia. Compre agora non desmaiar na loita que o triunfo será noso pois estamos acugulados de razón hasta saírnos pol-os poros.

Adiante. ¿Qué importa un gobernador, un Bugallal ou todol-os Bugallales e gobernadores do mundo?? Traballamos para Galicia e ao seu xuício debémonos someter. Só ela pode xugarnos.

---

Fume vosté con papel

NOROESTE

---

## O bugallalismo en Ponteareas

Tomando como pretexto unha enorme falsedade, o gobernador de Pontevedra multou con 500 pesetas a cada membro da directiva da sociedade agraria e cultural de Cristiñade, en Ponteareas.

Este atropello causou enorme indignación nos elementos agrarios da terra onde por desgracia naceu o noxento cacique Bugallal. A pesar das protestas que teñen elevado aos poderes públicos parece que o feito salvaxe vaise levar a cabo. E verdadeiramente indignante como se atropella brutalmente a vountade dos elementos agrarios que hoxe áchanse en completa e xustificada rebeldía.

Nós tamén queremos facer constar a nosa rexa protesta e aconsellamos aos agrarios de Pontareas tomen xá definitivamente unha mais enérxica determinación. Xá que quen ten a obriga de administrar xusticia o non fai paréncenos que chegou o momento de a tomar pol-a man. Avisar xá se avisou d'abondo.

## Como se fai decir a Cervantes de morto o que endexamais diría se fora vivo

Este epigrafe, que somella o d'un capítulo das novelas por entregas do vello rexime, é d'unha gran actualidade pois non se pode sinalar de outro xeito o que imos decir.

C'o gallo de o discurso pronunciado pol-o rey Alfonso XIII na sesión de clausura do "Congreso dos Estudos Vascos", celebrado en Guernica, o boletín de Madride "La Correspondencia de España", do día 18 de Setembre, no copiado dito discurso ponlle por cabeza, e con grandes titulares:

*El Rey dice a los vascos: No olvidéis el vizcaíno pero aprended todos el español.*

Non están mal estas palabras en boca do xefe do Estado, e deberán servilles de leición aos que son de cote mais papistas que o Papa. Pero se aquelas palabras están ben, as que están mal, pero rematadamente mal, son as do telegrama, cursi, ridículo e mal redactado, dirixido por "una peña de literatos" (?)—peña tiña que sere, ao señor alcalde de Guernica. E moito mais mal o xusgamos por atri-

buien ao príncipe dos inxenios castelans, baixo de cuxo nome encobreu as mais cativas presoas, frases manidas e chavacanas e conceptos que endexamais suscribiría quen é gloria e prez das letras castelás.

Cervantes, de ser inda hoxe vivo, repetiría de novo o que dixo no seu libro inmortal:

CAPITULO XVI.—*De lo que sucedió a D. Quijote con un discreto Caballero de la Mancha.*

Y a lo que decís, señor, que vuestro hijo no estima mucho la poesía de Romance, doime a entender, que no anda muy acertado en ello, y la razón es esta. El grande Homero no escribió en Latin, porque era Griego, ni Virgilio no escribió en Griego, porque era Latino. En resolución todos los Poetas antiguos escribieron en la lengua que mamaron en la leche, y no fueron a buscar las extranjeras para declarar la alteza de sus conceptos. Y siendo esto así, razón sería se extendiese esta costumbre por todas las naciones, y que no se desestimase al Poeta Alemán porque escribe en su lengua, ni el Castellano, ni aun al Vizcaíno que escribe en la suya.

Xúzguese, pois, do gran conoecemento que teñen do esprito e xenio de Cervantes esa "peña de literatos" (?) que de todo dá mostrás agás de tere leído nada de canto escribenu o insigne manco.

¡Probe Cervantes, cómo te poñen!

Papel de fumar

**N O R O E S T E**



## A Compañía do Norte O meniño está no berce...

Veñen alborozados e batindo as mans de contento os nosos colegas cruñeses porque a famosa e nunca ben ponderada Compañía que esprota nosa línea férrea, acaba de destinar como de esmola uns poucos vagós modernos, decentes e confortables para o transporte de viaxeiros entre a Cruña e Betanzos.

Mais que eloxios, censuras merece a tal Compañía, pois é unha forma indirecta de tomalo polo unha vez mais aos pobos galegos, calados e sofridos.

De non ser polo tranvía a Sada—que as competencias de cote favorecen ao público pagano—non houbera medo que esos vagós viñeran a prestar o servizo que se di. Pouco é, pero ese pouco imos ganando. Mais ¿lles non parece aos nosos colegas que unha vez que a Compañía do Norte, ten tan bon material en reserva, debería destinalo non á tan cativo servizo senon ao servizo xeneral de todo o recorrido? Entre que durman n-unha das estacións ou que vaian e veñan no camiño é preferible o último. Tal nos parece a nos o elemental e o que debiera facerse. Por eso sería ben decirlle á Dirección dos Ferrocarrís do Norte:—Garda onde os tiveches esos vagós, se non has de empregalos en todo o trayecto.

De non facelo así, de seguir calando e achantando é inda de contra tel-a tontería de darlle as grazas a empresa por "tan gran favor", é seguir pasando praza de bobos e sermos merecentes de todo canto desprezo e burla faga de nos a poderosa Compañía.

Aquí ven que nin de perilla o romate de aquel famoso telegrama... *Son para ingleses*, co a substitución da derradeira palabra dicindo... *Son para galegos*.

¿Cando teremos a decisión de perguntarlles aos poderes públicos e a todos os que nos mangonean se formamol-os galegos parte do Estado hespañol ou se somos tan soementes unha colonia?

Urxe sabelo d'unha vez para que en todo caso seipa Galicia, e de modo certo, o que mellor lle conveña facer.

*O meniño está no berce,  
a mai esta-o abalando,  
o meniño está sorrindo,  
o meniño está chorando.*

*O meniño está no berce,  
sua nai dille a cantiga,  
para que o meniño soñe,  
para que o meniño ria.*

*Abre o teu seo Mai-Terra,  
abálame no teu berce,  
eu son teu fillo e quixera  
dormir en tí para sempre!  
a lembrar,  
a sorrir,  
a soñar,  
a florir*

*na donda paz do teu ben.*

*Amén.*

VICTORIANO TAIBO.

(Do libro *Abrente*).

## LECTURAS

REXURDIMENTO.—BETANZOS.

Recibimos o número 4. Ven tan interesante como os anteriores. Publica orixinas de Veiga, Roel, Xoán Viqueira, unha poesía do Marqués de Figueroa e un conto de Leandro Carré, ademais d'unhas notas locais, un artigo encol das mulleres galegas, un necroloxico no carto aniversario da morte do inesquencido irmán Antón Fiaño, libros e revistas e tradicións brigantinas.

Este número vendéuse rapidamente e ven a confirmar o eisito que comqueriran todos os xa publicados.

## Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correíos a os portos do Brasil, Montevideo e Bos Aires

Proximas saídas da Cruña

Vapor correo **Holrn** 11 de Outono

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira especial: **Plas. 482'10**

Id. id. id. ordinaria: **« 407'10**

(Incluídos todos os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse, ao Axente da Compañía:

**Roxelio Fernández Conde - Feijóo, 4-baixo — A Cruña**

## Xosé Patiño

Bordados Artísticos  
Xogos de cama Confeccións  
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

## Paulino Freire

**BOUZAS - VIGO**

**Sucursaes: en Cruña - Ferrol**

Redes d'algodón para tarrafa  
Aparellos, armados e en panos, para  
barcos pesqueiros  
Malletas de abacá e cáñamo alquitra-  
nado—Cables de aceiro, ingleses  
Aceites minerás e vexetaes, e surtido  
compreto para maquinaria e pesca

== Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA ==

## Fábrica de Xergóns e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

## EFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

## F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Milit-  
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

## “Patente-Salvavidas“

O mellor para pintar os fon-  
dos dos barcos. Ganou Di-  
proma de Honor, Gran pre-  
mio e medalla de ouro nas  
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran. e Mirambell  
VIGO-CRUÑA

## ZINCKE HERMANOS LIBRERÍA — PAPELERÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

== A CRUNA ==

## FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-  
cimentos da súa cras que mais honran a Gali-  
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-  
tos.

Alfredo Lastres Canosa

## “La Encajera Española“

Fábrica de encaixes de fío  
Tecidos a man. Especialidade en  
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

## Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-  
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

## Filios de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,  
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS  
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos

## NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Imenso surtido en Panos da Rexión  
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás  
prendas para mulleres, homes e nenos.

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUÑA

## BOLSA do TRABAJO INTERNACIONAL

FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES  
ASOCIACION de BENEFICENCIA

## Enrique Iglesias Corral Barrio

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

Cruña-León-Ourense-Oviedo-Pontevedra e Lugo

A CRUÑA

## Sobriños de José Pastor

## BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense



# COMPañÍA CHARGEURS REUNIS

E

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saidas fixas mensuais directamente d'este porto para os do Brasil, Montevideo e Bós Aires, dos maníficos vapores rápidos a duas hélices e de 16.000 toneladas de desplazamento:

**DATA**

**VAPOR**

9 de Outono

**MOSELLA** (novo)

2 de Novembro

**MEDUANA** (novo)

Ademiten pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup> especial e 3.<sup>a</sup> corrente.

<b>Prezos:</b>	3. <sup>a</sup> especial en camarotes, comedores e salón de conversa . . . . .	Pesetas	482'10
	3. <sup>a</sup> en camarotes, comedores e salón de conversa . . . . .		427'10
	3. <sup>a</sup> corrente . . . . .		407'10

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarta pasaxe; de cinco a dez anos, media pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteira. E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor. Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xenerás en Hespaña:

ANTONIO CONDE Fillos - Plaza de Ourense, 2 - A CRUÑA

Telegramas e telefonemas: "Chargeurs"

# Garage ALONSO

DE

Alfredo Alonso, S. en C.

LA CORUÑA

GARAXES { Betanzos, 3  
Rosalía Castro, 1-3-5  
Xoán Flórez, 138

Oficiñas e despacho:  
Xoán Flórez, 55 e 57

Dirección Telegráfica  
e Telefónica:

Garaxe "ALONSO"

Teléfono urbano:

Oficiñas, núm. 417

Garaxe, núm. 517

Liña directa coa inter-  
urbana

Conta corrente cor:

Banco de Hespaña

Banco Hespagnol do

Río da Plata

Banco Hisp. Americ.<sup>o</sup>

Sobriños de J. Pastor



Automóviles

Accesorios

Neumáticos

Bandaxes macizas  
"CONTINENTAL"  
con prensa hidráulica  
para o seu montaxe

Aceites e graxas  
das  
Mellores marcas

Automóviles  
de alquiler

Comisións  
e  
Representacións

GASOLINA  
vendas ao por  
maior e menor

IMPORTACIÓN DIRECTA

Representación exclusiva das marcas MINERVA, ESSEX,  
HUDSON, BIGNAN SPORT

Servicio regular de autocamiós de transporte entre a Cruña Santiago,  
e viceversa

OS MAIS IMPORTANTES GARAXES DE GALICIA

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade ——— Servicios directos desde o porto da Cruña

Próximas saídas **DIRECTAMENTE** da Cruña

**Vapor Flandre 23 de Octubre**

PRECIOS EN CÁMARA		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	»	1.250 a 1.275	1.300 a 1.325
Preferencia	»	825	875

A estos precios hai que añadir os impostos  
Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.  
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA, Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA**

## Lloyd Real Holandés

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

**AMSTERDAM**

SERVICIO POSTAL RÁPIDO A AMÉRICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para **Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos Montevideo e Bos Aires,**

<b>FLANDRIA</b> (primeiro viaxe)	14 de Outubro	<b>ORANIA</b>	30 de Setembro
<b>ZEELANDIA</b>	17 de Noviembre	<b>GELRIA</b>	28 de Outubro

Admiten carga e pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

Precio do pasaxe en 3.<sup>a</sup> cras, **Ptas. 400** más impostos.

**NENOS**, menores de 2 anos, gratis; de 2 a 5 anos, cuarto pasaxe; de 5 a 10, medio pasaxe; de 10 anos, pasaxe enteiro.  
Para cumprimentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con **5 días** de anticipación a data de saída

PARA PRECIOS DE CÁMARA e prazas disponibles o **Agente General da Compañía en España:**

**D. Raimundo Molina e Couceiro, -Consignatario** Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—**Marina, 22—A Cruña**

# BANCO HISPANO-AMERICANO

==== **MADRID** ====

**Capital: 100 millós de ptas.**

**Dirección telegráfica: HISPAMER**

SUCURSAES E AXENCIAS

**Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza**

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e extranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	â vista.
2 1/2	por	100	id. id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id. id.	a 6 id.
3	por	100	id. id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.